

**Resolución do 29 de decembro do 2022, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación.**

A Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. (en adiante CRTVG) é unha sociedade mercantil pública autonómica do artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que ten encomendada a xestión do servizo público de comunicación audiovisual competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Resolución do 24 de maio do 2022 do Director Xeral da CRTVG (DOG nº 103 do 31 de maio), aprobou a oferta de emprego público correspondente ao ano 2022, a adicional para estabilizar prazas vacantes estruturais provistas de forma non fixa e modificou a oferta de emprego público correspondente ao ano 2021. Na resolución incluíronse as prazas correspondentes ao proceso de estabilización, ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE nº312 do 29 de decembro), e que son o obxecto da presente convocatoria.

Nesta convocatoria non se contempla a promoción interna, dado que se trata dun proceso único e excepcional habilitado polo disposto na Lei 20/2021 do 28 de decembro.

En desenvolvemento do disposto nos artigos 12 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese a obrigatoriedade do uso dos medios electrónicos no desenvolvemento do proceso selectivo.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido na antedita Resolución do 24 de maio do 2022, do Director Xeral da CRTVG, no uso das competencias que lle atribúe a Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e no exercicio das atribucións que para convocar e resolver as probas selectivas e para aprobar as súas bases que me confire o artigo 36.2.e) dos Estatutos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., publicados por resolución da Secretaría

Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda do 29 de febreiro de 2016 (DOG núm. 55 do 21 de marzo)

**RESOLVE:**

Convocar o proceso selectivo para o ingreso, como persoal laboral fixo, nas categorías profesionais indicadas no Anexo II, o cal se rexerá polas seguintes bases

**I. Normas xerais.**

I.1. O obxecto do presente proceso selectivo será cubrir, con persoal laboral fixo, as prazas nas categorías e no número que figuran no Anexo II pola quenda de acceso libre.

O sistema selectivo será o de concurso.

I.1.1. Ao tratarse dun proceso selectivo convocado ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, os códigos das prazas afectadas serán os que figuran no Anexo I.

I.1.2. En virtude do disposto no apartado 5 do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, como resultado deste proceso non poderá derivarse en ningún caso un incremento do gasto nin de efectivos e só se poden ofertar prazas de natureza estrutural que estean desempeñadas por persoal con vinculación temporal. Como consecuencia, a adquisición de firmeza dunha sentenza executable, que declare a relación laboral fixa dunha persoa que ocupe unha praza incluída no Anexo I destas bases, implicará a inmediata retirada do proceso selectivo da praza afectada. Consonte co anterior diminuírase o número de prazas na categoría correspondente para cumprir co establecido no mencionado artigo 5.2.

A retirada da praza do proceso realizarase mediante resolución da Dirección Xeral da CRTVG.

I.1.3. Este proceso selectivo rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables á CRTVG, en virtude de súa natureza xurídica, do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia; da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios

públicos de comunicación audiovisual de Galicia; e do Convenio colectivo da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades, publicado por resolución da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social do 17 de agosto de 2015 (DOG núm. 167 de 2015, do 2 de setembro), e demais normas concordantes vixentes ou ditadas ao abeiro da lei 20/2021, do 28 de decembro, así como polo disposto nestas bases de convocatoria.

## I.2. Requisitos das persoas aspirantes.

Non poderán participar no proceso selectivo aquelas persoas que teñan a condición de persoal laboral fixo da CRTVG, e quedarán excluídas as que adquiran esa condición durante o seu desenvolvemento.

Para ser admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata a sinatura do contrato laboral como persoal laboral fixo da CRTVG, os seguintes requisitos:

### I.2.1. Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea.
- c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadoras/es.
- d) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutro estado membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os/as seus descendentes, e os/as do cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, cando sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- e) As persoas con nacionalidade estranxeira e residencial legal en España.

I.2.2 Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter a titulación que figura no Anexo II.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

Para a acreditación da titulación, dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberá presentar por rexistro, dirixido á CRTVG, a fotocopia cotexada do título esixido ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.

Consideraranse titulacións equivalentes exclusivamente aquelas que foron substituídas polas vixentes no momento da publicación do presente proceso ao abeiro das sucesivas modificacións dos planes e reformas educativos.

As persoas que no momento da publicación da presente convocatoria estivesen prestando servizos na CRTVG non terán que presentar a documentación acreditativa do cumprimento do requisito de titulación.

Para o anterior publicarase unha resolución indicando cales das persoas traballadoras deben de presentar o título e cales xa teñen o requisito acreditado.

I.2.4. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas da categoría.

I.2.5. Habilitación: non ter sido despedido/a nin separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, entidade do sector público ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos termos anteriores.



### I.2.6. Coñecemento da lingua galega.

Para a acreditación do coñecemento da lingua galega, dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberá presentar por rexistro, dirixido á CRTVG, a documentación acreditativa de estar en posesión do título do Celga establecido no anexo II para cada Grupo, ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo do 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega e as súas modificacións.

As persoas que no momento da publicación da presente convocatoria estivesen prestando servizos na CRTVG non terán que presentar a documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega.

Para o anterior publicárase unha resolución indicando cales das persoas traballadoras deben de presentar o título e cales xa teñen o requisito acreditado.

### I.3. Solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes abrirase o día 1 de febreiro do 2023, e terá unha duración de 20 días hábiles.

Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude electrónicamente.

As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que será facilitado no portal web corporativo da CRTVG e deberán pagar a taxa que estea vixente no momento de presentala que exige a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co procedemento que se sinala nos seguintes parágrafos. As equivalencias, para o aboamento do importe das taxas, serán as que figuran como Anexo V en relación coa inscrición nos procesos de selección do persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

O modelo de solicitude estará a disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web corporativo [www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal). A persoa solicitante deberá dispoñer dun certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), DNI electrónico ou Chave365.

Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, as persoas aspirantes deberán consignar todos os datos que aparecen na pantalla e, posteriormente, validalos e confirmalos.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberano indicar na súa solicitude, na epígrafe de «Outros datos»–«Familia numerosa».

As persoas aspirantes deberán indicar se figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da publicación no DOG do anuncio da convocatoria en que soliciten a súa participación e se non están a percibir prestación ou subsidio por desemprego na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo, na epígrafe de «Outros datos»–«Demandante de emprego».

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, na epígrafe de «Outros datos»–«Discapacitado»–«Porcentaxe».

As persoas aspirantes vítimas de terrorismo deberán indicalo expresamente na solicitude na epígrafe de «Outros datos»–«Vítima terrorismo». As persoas solicitantes que aleguen esta circunstancia en calquera caso deberán remitir á CRTVG a acreditación desta mediante o envío electrónico da resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Os datos incluídos nas solicitudes dos aspirantes serán consultados pola CRTVG.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente na epígrafe de «Autorizacións» e achegar os documentos xustificativos da exención antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A documentación presentarase nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co disposto no parágrafo anterior, a persoa solicitante deberá achegar coa súa solicitude orixinal ou copia auténtica dos seguintes documentos xustificativos da exención do pagamento, segundo os supostos en que se atopen:

– Persoas con discapacidade: tarxeta acreditativa do grao de discapacidade ou certificado de discapacidade expedido pola consellería competente na materia ou polo órgano análogo doutra comunidade autónoma.

– Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

– Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

– Demandantes de emprego:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego en que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde, polo menos, seis meses anteriores á data de publicación do anuncio da convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal en que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

– As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

– As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

– As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste punto, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos.

Do 50 % do importe:

– As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.

– As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da publicación do anuncio de convocatoria do concurso en que

soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

Pagamento presencial: deberá seleccionar esta opción na pantalla, imprimir o documento de pagamento (modelo 739) e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

Unha vez feito o pagamento presencial na entidade financeira, deberase acceder á solicitude pendente a través da pestana «Retomar solicitude». Premerase na opción «Validar/retomar o pagamento». Introduciranse os datos relativos á data de ingreso e o NRC (número de rexistro completo) correspondente.

Unha vez completados os datos, validarase o NRC premendo no botón «Validar NRC».

Finalizado correctamente o proceso de pagamento, poderase presentar a solicitude.

Pagamento electrónico-sen certificado dixital: deberá introducir os datos da tarxeta de crédito ou débito na opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

Finalizado correctamente o proceso de pagamento, poderase presentar a solicitude.

Pagamento electrónico-con certificado dixital: poderá realizar o pagamento con cargo á conta da persoa titular do certificado desde a opción de pagamento electrónico e nese momento obterá o xustificante 730 correspondente.

Finalizado correctamente o proceso de pagamento, poderase presentar a solicitude.

O estado das solicitudes poderá ser consultado en calquera momento seguindo as instrucións iniciais e seleccionando na pantalla a opción de consulta.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico co centro informático no número 981541300, das 8.30 ás 20.00 horas, de luns a venres, e os sábados das 10.00 ás 14.00 horas.

#### I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG aprobará as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas a través dunha resolución na que se indicarán os apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do DNI, con indicación das causas das exclusións que procedan. Estas listas publicaranse na páxina web ([www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal))

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da dita resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Non se poderán presentar solicitudes fóra do prazo sinalado para o efecto.

A estimación ou desestimación das alegacións presentadas entenderanse implícitas nunha nova resolución da persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG, que será publicada do mesmo xeito que as anteriores, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

I.4.3. As persoas que resultasen admitidas definitivamente, e non acreditasen documentalmente estar en posesión do Celga requirido, consonte co procedemento publicado, deberán superar unha proba escrita.

A realización da proba será convocada pola/as comisión/s, cunha antelación mínima de sete (7) días á súa realización, mediante convocatoria publicada na páxina web da CRTVG ([www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal)).

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de vinte (20) preguntas tipo test con catro (4) respostas alternativas das que só unha delas será a correcta, máis tres (3) preguntas de reserva. O exercicio terá unha duración de trinta (30) minutos. Valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá á/as comisión/s determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto.

O resultado da proba publicarase do mesmo xeito que a súa convocatoria. As persoas aspirantes que recibisen a cualificación de “non apto” quedarán definitivamente excluídas do proceso.

## II. Comisións de Valoración

II.1. Constituiranse dúas Comisións de Valoración, a primeira delas, que coordinará todo o proceso, avaliará as solicitudes presentadas para o acceso ás categorías correspondentes aos niveis salariais I, II e III, e a segunda avaliará as solicitudes presentadas para as categorías correspondentes aos niveis salariais IV, V, VI, VII, VIII e IX.

As Comisións poderán realizar sesións conxuntas para determinar os criterios ou adoptar as decisións que sexan comúns a todos os grupos.

II.2. Serán designadas por resolución da Dirección Xeral da CRTVG, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, o artigo 60 do TRLEBEP e o artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

II.3. A persoa que, en calidade de lingüista, elabore e puntúe en exclusividade a proba de lingua galega poderá pertencer a ambas as dúas comisións. A participación do lingüista nas comisións limitarase en exclusiva a elaborar y puntuar a proba de lingua galega.

II.4. As persoas que formen parte das comisións deberán absterse de intervir cando concorran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá serlle comunicada á persoa que efectuou o nomeamento.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte da comisión, e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, de ser o caso, unha declaración



expresa de non atoparse en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

As persoas aspirantes poderán recusar ás persoas que integran a comisión cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II.5. A autoridade que convoca publicará na páxina web da CRTVG ([www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal)) a resolución correspondente pola que se nomeen as novas persoas membros da comisión que substituirán ás que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

II.6. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento da/as comisión/s na páxina web da CRTVG ([www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal)). Na dita sesión a comisión adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

II.7. A partir da sesión de constitución, a actuación válida da comisión requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus integrantes, con presenza en todo caso da Presidencia e da Secretaría.

II.8. O procedemento de actuación da comisión axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, nas Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e modificadas por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010 e ao resto do ordenamento xurídico.

II.9. Por cada sesión da comisión levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada.

Das sesións conxuntas levantase unha acta que deberá ser autorizada coa sinatura da Secretaría que realice as funcións de coordinación e o visto e prace de ambas as dúas Presidencias.

II.10. A comisión poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor especialista para as valoracións que estime pertinentes. Este persoal asesor deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG.

II.11. As comisións terán a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Para os efectos do previsto no dito Decreto, entenderase que a designación da comisión de valoración realizada segundo o disposto na base II.2. implicará a autorización da orde de servizo para que as persoas que a integran poidan desprazarse ao lugar acordado para cada unha das sesións convocadas.

II.12. En ningún caso as comisións de valoración poderá aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

II.13. Os acordos adoptados pola comisión do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

II.14. As comisións terán a súa sede no domicilio da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Bando-San Marcos, 15820-Santiago de Compostela). As comunicacións que as persoas aspirantes dirixan ás comisións deberán enviarse a través da dirección de correo electrónico que a Dirección Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., habilite para este efecto, a cal se publicará na páxina web da empresa ([www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal)).

### III. Concurso

A fase de concurso, cuxa puntuación máxima será de 100 puntos, consistirá na valoración ás persoas aspirantes dos seguintes méritos:

#### III.1 Experiencia profesional

##### III.1.1. Experiencia profesional na mesma categoría na CRTVG

Experiencia profesional entendida como os servizos efectivamente prestados directamente para a CRTVG na categoría á que se presenta como persoal laboral temporal ou recoñecidos como indefinido non fixo.

Enténdese por CRTVG tanto a actual corporación como o ente público Compañía de Radiotelevisión de Galicia e as súas sociedades, Radiotelevisión de Galicia SA e Televisión de Galicia SA.

Cando por causa de Incapacidade Permanente non revisable a persoa obtivese un posto nunha categoría distinta da de orixe, os servizos prestados na categoría anterior recoñeceránselle como prestados na nova categoría.

Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos períodos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,240 puntos.

### III.1.2. Outra experiencia profesional.

Experiencia profesional, entendida como os servizos efectivamente prestados como persoal funcionario interino, como persoal laboral temporal ou recoñecido como indefinido non fixo nas distintas administracións públicas ou entidades do sector público que non sexa obxecto de valoración consonte o punto anterior, na mesma categoría á que se presenta.

Enténdese por mesma categoría aquela na que as funcións asignadas sexan idénticas ás reguladas na normativa de aplicación para a categoría na CRTVG.

Para estes efectos, calcularase o número total de días correspondentes aos distintos períodos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,125 puntos.

III.1.3. Consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa do artigo 46 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; nas de excedencia por coidado de familiares e por razón de violencia de xénero do artigo 43.4 e 43.5 do Convenio colectivo da CRTVG e a súa sociedade (DOG núm. 167, do 2 de setembro de 2015) e na excedencia especial regulada no artigo 43.7 do Convenio Colectivo da CRTVG. Tamén se considerarán servizos efectivos os prestados nas situacións análogas previstas no Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares e excedencia por razón de violencia de xénero.

III.1.4. Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse en proporción ao tempo traballado, agás naquelas situacións protexidas nas que as prestacións da Seguridade Social se computen incrementadas ao 100% da contía que correspondera se se mantivera a xornada de traballo sen redución.

III.1.5. A puntuación máxima obtida pola suma das distintas epígrafes de experiencia profesional será de 70 puntos.

### III.2. Outros méritos.

#### III.2.1 Cursos de formación, titulacións académicas e lingua galega.

III.2.1.1 Valoraranse os cursos de formación organizados ou impartidos pola CRTVG, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Academia Galega de Seguridade Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), as escolas oficiais de formación similares da Comunidade Autónoma ou do estado, das restantes comunidades autónomas, e calquera outra entidade do sector público, cando conste o aproveitamento mediante certificación e/ou título expedido, no que consten as horas de formación.

Valoraranse nesta epígrafe os cursos de idiomas realizados.

Os cursos valoraranse, calquera que fose a súa duración, a razón de 0,10 puntos cada hora de formación.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección.

III.2.1.2 Valorarase estar en posesión dalgunha titulación académica oficial distinta de nivel igual ou superior á esixida para o ingreso.

- Outorgaranse 3 puntos por cada titulación académica igual ou superior á esixida para o ingreso.
- Outorgaranse 3 puntos por cada título de máster.
- Outorgaranse 3 puntos por cada título de doutor.

- Outorgaranse 3 puntos por cada título de posgrao.

#### III.2.1.3 Lingua galega

Valoraranse os coñecementos de lingua galega de nivel superior ao esixido como requisito para o ingreso, outorgando 0,5 puntos por cada nivel superior acreditado, ata un máximo de 2 puntos.

III.2.1.4 A puntuación máxima por esta epígrafe sería de 15 puntos.

#### III.2.2 Procesos selectivos superados

III.2.2.1 Valorarase con 15 puntos ter aprobado un proceso convocado pola CRTVG para o ingreso na categoría á que se presenta para persoal laboral fixo.

Considéranse procesos selectivos aprobados aqueles nos que as persoas aspirantes superaran todas as fases de concurso e oposición sen acadar praza fixa.

III.2.2.2 Valorarase con 10 puntos ter superado algún exercicio dun proceso selectivo convocado pola CRTVG para o ingreso na categoría á que se presenta para persoal laboral fixo.

A puntuación máxima para este epígrafe será de 15 puntos.

III.2.3 A suma das distintas epígrafes relativas a outros méritos non poderá exceder de 30 puntos.

III.3. Para superar o proceso selectivo será preciso, unha vez sumados todos os méritos, acadar unha puntuación mínima de 25 puntos.

III.4. Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación do anuncio da convocatoria no DOG, e deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza a CRTVG e que será publicado na páxina web corporativa. Non se terán en conta os méritos que non se presenten conforme o establecido no dito procedemento.

A experiencia profesional, á que se fai referencia no punto III.1.2. (Experiencia en outras administracións e entes), terá que acreditarse necesariamente mediante certificación emitida polas persoas titulares das unidades que teñan atribuídas as funcións en materia de xestión de persoal do órgano ou entidade segundo modelo que figure no procedemento, acompañado do correspondente informe de vida laboral.

A acreditación dos cursos realizarase mediante copia auténtica ou orixinal do certificado de asistencia na que constarán: o organismo que a impartiu, as horas, o contido e as datas de realización.

A acreditación do nivel de lingua galega e das titulacións realizarase a través da presentación do título expedido ou calquera outro medio que se estime suficiente a xuízo da entidade que convoca.

Os procesos selectivos superados acreditaranse a través da presentación dunha declaración cuxa veracidade será comprobada de oficio pola CRTVG.

Todos os modelos serán publicados xunto co procedemento ao que se fai referencia no parágrafo primeiro.

III.5. As persoas aspirantes deberán proceder de conformidade co sinalado no procedemento a que se refire o punto anterior para presentar a documentación relativa á fase de concurso, que irá dirixida á CRTVG e deberá presentarse nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

III.6. As comisións procederán á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da CRTVG, e publicaraa na páxina web da CRTVG con indicación da puntuación obtida por cada persoa aspirante. Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante a/s propia/as comisión/s no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da dita baremación.

Durante o prazo de emenda de erros non se poderá presentar nova documentación xustificativa nin alegar novos méritos.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada persoa aspirante, a/as comisión/s procederá/n á publicación da baremación definitiva na páxina web corporativa.

III.7. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuación obtidas. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas.



Porén o anterior, para asegurar a cobertura das prazas, se se producisen renuncias das persoas seleccionadas, poderase requirir unha relación complementaria das persoas que sigan por puntuación ás propostas. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan asinar o contrato como persoal laboral fixo.

#### IV. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e formalización do contrato laboral fixo.

IV.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos apartados do baremo do concurso.

Os empates nas puntuacións entre dúas ou máis persoas aspirantes dirimiranse segundo os seguintes criterios ata que se resolva:

1.- A muller fronte ao home, nas categorías nas que exista infrarrepresentación feminina.

De acordo co artigo 49.2 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese, para estes efectos, que existe infrarrepresentación cando na categoría profesional exista una diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

Para estes efectos publicarase na páxina web da CRTVG a relación das categorías convocadas nas que exista infrarrepresentación á data da publicación do anuncio da convocatoria no DOG.

2.- Maior tempo de servizos prestados na CRTVG na categoría á que se presenta.

3.- Maior tempo de servizos prestados en prazas de calquera categoría incluída no ámbito de aplicación do convenio colectivo vixente na CRTVG.

4.- Maior idade da persoa aspirante.

5.- Sorteio entre as persoas implicadas.

IV.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, a/as comisión/s publicará/n na páxina web a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas,

con indicación do seu DNI. Na mesma resolución propondrá a súa contratación como persoal laboral fixo da CRTVG.

A partir do día seguinte ao da publicación da relación de persoas aprobadas, estas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separada/o nin despedida/o mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública, entidade do sector público ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso á categoría da que foi separada/o ou inhabilitada/o, nin pertencer á mesma categoría, segundo o modelo que figura como Anexo III a esta convocatoria.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia, o acceso ao emprego público nos mesmos termos, segundo o modelo que figura como anexo IV a esta convocatoria.

b) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

IV.3. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. non poderán ser designados persoal laboral fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.4. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán designados persoal laboral fixo da CRTVG mediante unha resolución da persoa titular da Dirección Xeral e asinarán o correspondente contrato.

IV.5. A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación acadada e segundo os seguintes criterios:

IV.5.1. Ás persoas que superen o proceso selectivo, e estivesen prestando servizos na CRTVG con anterioridade á convocatoria coa condición de persoal laboral indefinido non fixo, interino en praza vacante ou a través dun contrato de obra ou servizo determinado, seralles adxudicado o mesmo código de praza que posuían, sempre e cando figure na listaxe de postos que figura no Anexo I.

IV.5.2. Ás persoas que superen o proceso selectivo, e que non se atopen no caso anterior, asignaráselle os postos sobrantes do Anexo I.

IV.6. A formalización do contrato laboral fixo das persoas aspirantes que superen o proceso, e que non se encontren prestando servizos na CRTVG, efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución á que fai referencia a base IV.5.

IV.7. A compensación económica pola finalización da relación indefinida ou temporal coa CRTVG pola non superación deste proceso selectivo de estabilización, á que se refire o número 6 do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, será incompatible coa superación doutro proceso selectivo de estabilización derivado desta lei, e o consecuente mantemento da prestación de servizos na administración autonómica e o seu sector público, considerados no seu conxunto.

IV.8. O presente proceso dará lugar á xeración de novas listas de contratación temporal en cada categoría das convocadas, deixando sen efecto ás anteriores.

Pasarán a formar parte das novas listas aquelas persoas que se presentasen, acadasen un mínimo de 25 puntos, e non obtivesen un posto como persoal laboral fixo, incluíndose na listaxe correspondente á categoría pola súa orde de puntuación, ata un máximo de 20 persoas.


As listas de contratación que non se correspondan coas categorías convocadas permanecerán vixentes na súa integridade.

#### V. Disposición derradeira.

Esta orde pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOG, consonte á Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, consonte á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 29 de decembro do 2022

Alfonso Sánchez Izquierdo



Director Xeral da CRTVG

**CRTVG** CORPORATION  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

**ANEXO I**

**Códigos de prazas afectados (por categoría)**

Indefinicións en praza vacante

Nivel	Categoría	Código da praza
1	PRODUTOR/A	55T04
		55T09
		55T17
	REDACTOR/A	13C01
		13R02
		13R06
		13R31
		13R32
		13R33
		13R34
		13R35
		13T01
		13T02
		13T04
		13T08
		13T09
		13T100
		13T101
		13T102
		13T103
		13T104
		13T105
		13T106
		13T107
	13T108	
	13T109	
	13T110	
13T111		
13T112		
13T113		
13T114		
13T115		
13T116		
13T117		
13T118		
13T119		
13T120		
13T121		

		13T122
		13T123
		13T124
		13T125
		13T126
		13T127
		13T128
		13T129
		13T130
		13T131
		13T132
		13T133
		13T134
		13T135
		13T136
		13T137
		13T138
		13T139
		13T14
		13T140
		13T141
		13T142
		13T143
		13T144
		13T145
		13T146
		13T147
		13T148
		13T149
		13T15
		13T150
		13T153
		13T154
		13T17
		13T24
		13T26
		13T29
		13T32
		13T35
		13T36
		13T97
	TITULADO/A SUPERIOR	09T02
	DOCUMENTALISTA	42T06
2	LOCUTOR/A RADIO	22R01
		22R03



		22R07
		22R18
		22R19
		22R30
		22R31
		22R32
		22R33
		22R34
	TITULADO/A MEDIO	06T01
3	ANALISTA PROGRAMADOR/A	16C09
	TÉCNICO/A ELECTRÓNICO DE PRIMEIRA	60T09
		60T13
		60T14
TÉCNICO/A SISTEMAS	19C04	
4	AUXILIAR REDACCIÓN	17R12
		17T02
		17T04
		17T16
	CÁMARA DE PRIMERA	38T02
		38T04
		38T05
		38T07
		38T11
	REPORTEIRO/A GRÁFICO/A	57T01
		57T05
		57T06
		57T07
		57T40
		57T41
		57T42
		57T43
		57T44
		57T45
		57T46
		57T47
		57T48
		57T49
		57T50
		57T51
		57T52
		57T53
57T54		
57T55		
57T56		
57T57		

		57T58	
		57T60	
		57T61	
		57T62	
		57T63	
		57T64	
		57T65	
		57T66	
		57T67	
		57T68	
		57T69	
		TÉCNICO/A CONTROL	27R01
			27R06
TÉCNICO/A ELECTRÓNICO	28T01		
	28T02		
	28T08		
	28T10		
5	AXUDANTE/A DE REALIZACIÓN	37T01	
		37T04	
		37T14	
		37T15	
		37T17	
		37T23	
		37T26	
		37T31	
		37T34	
		37T35	
	DECORADOR/A	40T03	
	OPERADOR/A DE POSPRODUCCIÓN	53T14	
	TÉCNICO/A DE SON	59T10	
6	AUXILIAR PROGRAMAS	20R05	
	OFICIAL TÉCNICO ELECTRÓNICO	11T01	
	OPERADOR/A DE CÁMARA	51T01	
		51T02	
51T12			
7	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/ A	01T03	
	AXUDANTE/A DE PRODUCCIÓN	35T03	
		35T06	
		35T11	
		35T14	
		35T15	
		35T17	
		35T20	
		35T30	
		35T31	

		35T32
	GRAFISTA-TITULADOR	44T11
		44T12
	MAQUILLADOR/A	48T05
		48T09
	OPERADOR/A-MONTADOR/A VÍDEO	52T10
		52T12
		52T41
		52T42
		52T43
		52T44
		52T45
		52T46
		52T47
		52T48
		52T49
		52T50
		52T51
		52T52
		52T53
		52T54
		52T55
		52T56
		52T57
		52T58
		52T59
		52T60
		52T61
		52T62
		52T63
		52T64
		52T65
		52T66
	52T67	
	52T68	
	RELACIONES PÚBLICAS	18C01
		18C06
8	ESPECIALISTA MONTAXE	43T01
		43T02
		43T03
		43T04
		43T05
		43T06
		43T07
		43T08

		43T09
		43T10
		43T11
		43T12
		43T13
9	AXUDANTE/A MANTEMENTO	36T01
		36T02
		36T03
		36T06
		36T11
		36T13

Interinidades en praza vacante

Nivel	Categoría	Código da praza
1	REDACTOR/A	13R04
		13R17
	TITULADO/A SUPERIOR	09C01
		09C07
2	LOCUTOR/A RADIO	22R04
		22R17
4	CÁMARA DE PRIMERA	38T10
	REPORTEIRO/A GRÁFICO/A	57T04
	TÉCNICO/A ELECTRÓNICO	28T14
7	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/ A	01C06
		01T02
		01T04
	OPERADOR/A-PRODUTOR/A DE SON	54T02

Obras e servizos determinados

Nivel	Categoría	Código da praza
1	REALIZADOR/A	56T05
	REDACTOR/A	13T151
		13T152
		13T25
		13T71
2	LOCUTOR/A RADIO	22R35
4	DESEÑADOR/A GRÁFICO/A	41T08
	REPORTEIRO/A GRÁFICO/A	57T70
		57T71
		57T72
	TÉCNICO/A CONTROL	27R26
		27R27
7	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/ A	01T14

## ANEXO II

### Número de prazas e titulacións

Nivel	Categoría	Prazas	Titulación	Nivel mínimo Celga
1	Produtor/a	3	Grao en comunicación audiovisual ou equivalente	Celga 4
1	Realizador/a	1	Grao en comunicación audiovisual ou equivalente	
1	Redactor/a	82	Grao en xornalismo, comunicación audiovisual, ou equivalentes	
1	Titulado/a superior-As. Xurídica	2	Grao en Dereito ou equivalente	
1	Titulado/a superior-Área Económica	1	Grao en Administración e Dirección de Empresas, economía ou equivalentes	
2	Documentalista	1	Bacharelato ou equivalente	Celga 3
2	Locutor/a radio	13	Bacharelato ou equivalente	
2	Titulado/a medio-RRHH	1	Ciclo Superior da familia de administración, bacharelato ou equivalentes	
3	Analista programador/a	1	Ciclo Superior da familia de informática, bacharelato ou equivalentes	
3	Técnico/a de sistemas	1	Ciclo Superior da familia de informática, bacharelato ou equivalentes	
3	Técnico/a electrónico de primeira	3	Ciclo Superior da familia de electricidade ou electrónica, bacharelato ou equivalentes	
4	Auxiliar de redacción	4	Graduado escolar ou equivalente	
4	Cámara de primeira	6	Graduado escolar ou equivalente	
4	Deseñador/a gráfico	1	Graduado escolar ou equivalente	
4	Reporteiro/a gráfico	37	Graduado escolar ou equivalente	
4	Técnico/a de control	4	Graduado escolar ou equivalente	
4	Técnico/a electrónico	5	Graduado escolar ou equivalente	
5	Axudante realización	10	Graduado escolar ou equivalente	
5	Decorador/a	1	Graduado escolar ou equivalente	
5	Operador/a posproducción	1	Graduado escolar ou equivalente	
5	Técnico/a de son	1	Graduado escolar ou equivalente	
6	Auxiliar de programas	1	Graduado escolar ou equivalente	
6	Oficial técnico electrónico	1	Graduado escolar ou equivalente	
6	Operador/a de cámara	3	Graduado escolar ou equivalente	
7	Auxiliar administrativo/a	5	Graduado escolar ou equivalente	
7	Axudante de produción	10	Graduado escolar ou equivalente	
7	Grafista-titulador/a	2	Graduado escolar ou equivalente	
7	Maquillador/a	2	Graduado escolar ou equivalente	
7	Operador/a montador/a de vídeo	30	Graduado escolar ou equivalente	
7	Operador/a produtor de son	1	Graduado escolar ou equivalente	
7	Relacións públicas	2	Graduado escolar ou equivalente	
8	Especialista montaxe	13	Certificado de escolaridade ou equivalente	Celga 2
9	Axudante mantemento	6	Certificado de escolaridade ou equivalente	
<b>TOTAL</b>		<b>255</b>		

### **ANEXO III**

D<sup>a</sup>/D. ...., con domicilio en ..., con DNI/pasaporte..., declara para efectos de ser nomeada/o persoal laboral fixo da CRTVG, que non foi despedida/o nin separada/o mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública, entidade do sector público ou órgano constitucional ou estatutario das comunidades autónomas, nin se atopa en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso á dita categoría.

..., ... de ... de 202...

### **ANEXO IV**

D<sup>a</sup>/D. ..., con domicilio en ..., e con DNI/pasaporte ... declara, para efectos de ser nomeada/o persoal laboral fixo da CRTVG, que non se atopa inhabilitada/o ou en situación equivalente nin foi sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de ..., nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

(país e localidade) ..., ... de ... 202...



**ANEXO V**

**IMPORTES TAXAS-EQUIVALENCIAS**

<b>Nivel salarial</b>	<b>Categoría</b>	<b>Equivalencia Taxa</b>
1	Produtor/a	Grupo I do Convenio ou subgrupo A1
1	Realizador/a	
1	Redactor/a	
1	Titulado/a superior	Grupo II do Convenio ou subgrupo A2 ou Grupo B
2	Documentalista	
2	Locutor/a radio	
2	Titulado/a medio	Grupo III do Convenio ou subgrupo C1
3	Analista programador/a	
3	Técnico/a de sistemas	
3	Técnico/a electrónico de primeira	
4	Auxiliar de redacción	
4	Cámara de primeira	
4	Deseñador/a gráfico	
4	Reporteiro/a gráfico	
4	Técnico/a de control	
4	Técnico/a electrónico	
5	Axudante realización	
5	Decorador/a	
5	Operador/a posproducción	
5	Técnico/a de son	
6	Auxiliar de programas	
6	Oficial técnico electrónico	
6	Operador/a de cámara	
7	Auxiliar administrativo/a	
7	Axudante de produción	
7	Grafista-titulador/a	
7	Maquillador/a	
7	Operador/a montador/a de vídeo	
7	Operador/a produtor de son	
7	Relacións públicas	
8	Especialista montaxe	Grupo V do Convenio ou AP do persoal funcionario
9	Axudante mantemento	

